

CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

RAMÓN COUSO GONZÁLEZ, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CARBALLEDO, PROVINCIA DE LUGO

CERTIFICA que con data 27 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, por unanimidade dos seus membros, adoptou, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

"4º.- APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA PROMOTOR/A OU INFORMADOR/A TURÍSTICO/A, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023, DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. -

BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN/UNHA INFORMADOR/A OU PROMOTOR/A TURÍSTICO/A, para o Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo, ao abeiro do "**PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO**" do Ano 2023. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), por un período de SEIS meses.-

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023, publicadas no BOP de Lugo nº 006 do 9 de xaneiro de 2023.

Vista a solicitude de subvención presentada polo Concello de Carballedo ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, para o "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023".

Vista a Memoria do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023", remitida polo Concello de Carballedo á Excma. Deputación Provincial de Lugo, no marco do amentado Plan Provincial Único.

Vista a Memoria do "Programa de Reforzo do Emprego 2023" asinada con data 17/02/2023 e que foi enviada á Deputación de Lugo con data 20/02/2023, que rectifica e substitúe a Memoria presentada anteriormente.

Considerando a necesidade de proceder coa maior urxencia á aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de **Un/Unha informador/a ou promotor/a turístico/a, para o Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo.** Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), por un período de SEIS meses, para a cobertura inmediata do servizo.

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 21 de xuño de 2023, e o resto de atribucións conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña, así como a convocatoria do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de **Un/Unha informador/a ou promotor/a turístico/a, para o Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo, ao abeiro do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO do Ano 2023".** Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), por un período de SEIS meses.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballedo un anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria, e facilitar á Deputación de Lugo unha copia das bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a tramitación e xestión do presente acordo."

E para que así conste asino a presente, coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, en Carballedo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

O alcalde, Julio Manuel Yebra-Pimentel Blanco

O secretario accidental, Ramón Couso González



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeño, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO.- BASES DA CONVOCATORIA:

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, DE UN/UNHA INFORMADOR/A OU PROMOTOR/A TURÍSTICO/A.-"

BASES da convocatoria para a provisión, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, de un/unha informador/a ou promotor/a turístico/a, para o Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo, para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, ao abeiro do "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO" do Ano 2023. Contratación de persoal laboral temporal, a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), por un período de SEIS meses.-

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de **un/unha informador/a ou promotor/a turístico/a**, para o **Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo**, para realizar os traballos que figuran descritos na Memoria descritiva das necesidades de contratación para o **"Programa de Reforzo do Emprego 2023"**, que foi remitida á Excm. Deputación de Lugo no marco do amentado **Plan Único de Cooperación cos concellos 2023**.

Réxime xurídico e Tipo de contrato: laboral temporal, por circunstancias da produción, a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), de 6 meses de duración

Sistema selectivo: Concurso-oposición.

Tempo de contrato: **SEIS (6) MESES.**

Prazas: unha (1)

Titulación mínima: bacharelato, ou titulación equivalente ou superior.

Retribucións: segundo a Memoria do Programa de Reforzo do Emprego de data 17/02/2023.

Período de proba: Establécese un período de proba de dous (2) meses (art. 14 do E.T.).

Esta contratación temporal será a xornada parcial (50% da xornada, 20 horas semanais), relacionado coa duración do programa subvencionado, e segundo o previsto na Memoria Descritiva das necesidades de actuación do Programa de Reforzo do Emprego 2023.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal por circunstancias da produción, por un período de seis meses, para a contratación de **un/unha informador/a ou promotor/a turístico/a**, para o **Servizo de Promoción do Turismo** do Concello de Carballedo, Programa de REFORZO DO EMPREGO 2023.

O Programa de Reforzo do Emprego está destinado á contratación ou nomeamento de reforzo de efectivos para a implantación de novos servizos ou actividades de conformidade coa normativa aplicable.

Doutra banda, é un dos fins do Concello de Carballedo **a Información e promoción da actividade turística de interese no ámbito local**, atendendo a persoas interesadas en recibir información turística sobre o noso Concello.

Con este servizo tentarase fomentar a dinamización turística do Concello de Carballedo, a través da explotación dos múltiples recursos turísticos existentes no municipio. Carballedo é un concello cun gran potencial turístico.

Tentarase de por en marcha e potenciar rotas de sendeirismo por aquelas zonas do concello que contan cun patrimonio etnográfico e paisaxístico destacable. O/a Informador/a ou Promotor/a Turístico/a terá como principais tarefas a dinamización turística do concello, dando a coñecer todos os recursos turísticos que existen a través dos medios de comunicación, da edición de folletos informativos, por medio da páxina web do Concello, e por outras vías.

O/a Informador/a ou Promotor/a Turístico/a atenderá e informará na Oficina de Turismo ás persoas que visiten o noso concello no período de vixencia do seu contrato de traballo, repartirá e elaborará trípticos sobre os recursos turísticos cos que contamos, promoverá actividades socioculturais, entre outras funcións.

A contratación dun/dunha Informador/a ou Promotor/a Turístico/a suporía un importante custe para o Concello de Carballedo se tivese que asumilo sen axudas doutras administracións. O Concello de Carballedo, na actualidade, non conta con axudas doutras administracións para este fin. Para evitar que este servizo se preste de maneira pouco axeitada por outro persoal municipal que habitualmente non se dedica a esta tarefa, parece axeitado seguir con esta liña de traballo, grazas á colaboración da Excm. Deputación de Lugo. Trátase de garantir un servizo de calidade.

Esta necesidade pode considerarse como un servizo esencial para o desenvolvemento turístico do Concello de Carballedo.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

SEGUNDA.- REQUISITOS MÍNIMOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre circulación de traballadores neste sector.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- d) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- f) **Será requisito específico o seguinte: "a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello."**
- g) **Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas neste Programa, os traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello de Carballedo.**
- h) **Titulación mínima necesaria:** bacharelato, ou titulación equivalente ou superior.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Carballedo presentará a correspondente oferta de emprego mediante a publicación de anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, <http://www.concellocarballedo.es> no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego.

PAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: As solicitudes para participar neste proceso selectivo formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Carballedo ou polas outras formas previstas na lexislación vixente, durante o prazo máximo de **CINCO DÍAS NATURAIS** desde o **29/07/2023** ao **02/08/2023**.

As bases do proceso selectivo estarán a disposición dos aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello, e na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo. A instancia acompañarase dos seguintes documentos:

- Copia compulsada do D.N.I.
- Copia compulsada do carné de conducir clase B.
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.
- Copia compulsada da titulación mínima necesaria (bacharelato, ou equivalente ou superior).
- Copia compulsada do Celga 4, ou iniciación e perfeccionamento de lingua galega, ou equivalente.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenrolar, e de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Cada aspirante presentará **instancia (Anexo II)** no prazo sinalado, dirixida ao Tribunal Cualificador para a selección de un/unha informador/a ou promotor/a turístico/a para o Servizo de Promoción do Turismo, PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023, na Oficina de Rexistro do Concello de Carballedo, **en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres**, acreditando os méritos sinalados que figuran no Anexo I. A Oficina de Rexistro do Concello selará e datará a Instancia, e entregarlle fotocopia da mesma ao interesado se así o solicita.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

En caso de presentar a instancia noutra rexistro distinto ao do Concello de Carballedo, o aspirante deberá enviar copia da **solicitud completa** ao correo electrónico adi@concellocarballedo.es, antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

A lista de persoas aspirantes presentadas, admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo máximo de dous días hábiles dende que remata o prazo de presentación de instancias.

A cualificación, levarase a cabo polo Tribunal Cualificador, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor da persoa aspirante que obtivera a maior puntuación total, aos efectos da súa contratación.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

En caso de empate entre as persoas aspirantes, para proceder ao desempate aplicarase os criterios de selección establecidos no artigo 14.5. da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, publicada no DOG núm. 22 de 1 de febreiro de 2023, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Se algunha persoa aspirante inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal sería a favor das seguintes persoas con maior puntuación total.

FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.- Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

Segundo a puntuación sinalada no ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

FASE DE OPOSICIÓN.-

Primeiro exercicio. Exame tipo test.- Puntuación máxima: 20 puntos.

Será obrigatorio, eliminatorio e anónimo, e consistirá na realización dun exame por escrito (tipo test), sendo a materia obxecto de exame o temario sinalado no **Anexo IV das presentes bases**.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo de 1 hora.

O exame valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario acadar a puntuación mínima de 10 puntos para superar esta fase de oposición e non quedar excluído/a do procedemento de selección. Por cada resposta incorrecta, descontarase -0,25 puntos.

Segundo exercicio.- Proba de galego:

As persoas aspirantes á praza de referencia que non poidan acreditar un nivel de certificación da lingua galega equivalente ou superior ao **Celga 4**, deberán realizar unha proba de galego, que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, ou do galego para o castelán, a libre elección do Tribunal de Selección.

Dita proba será presencial, sendo o tempo de duración, como máximo, de 30 minutos.

A proba de galego realizado polas persoas aspirantes será cualificado como apto ou non apto polo Tribunal de Selección. A non superación deste exercicio será causa de exclusión do proceso selectivo.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal Cualificador estará constituído da seguinte forma:

- **Presidente:** o Técnico local de emprego do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

- **Vogais:**

1º **vogal:** a Administrativa do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

2º **vogal:** a Orientadora Laboral do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

3º **vogal:** a Representante sindical dos traballadores do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

- **Secretario:** O funcionario encargado de obras e servizos do Concello de Carballedo, ou persoa en quen delegue.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

Seralle de aplicación ó tribunal o previsto na lexislación vixente, en canto ás causas de abstención e recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, e terá lugar unicamente entre as persoas aspirantes que presentaran a correspondente instancia en prazo e a documentación que a acompaña.

O día da selección os/as candidatos/as comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia. Nese mesmo acto, procederase á entrevista persoal e a valoración polo Tribunal dos méritos aportados polos/as aspirantes.

QUINTA.- FORMALIZACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.-

Rematado o proceso selectivo, o Sr. Alcalde resolverá o proceso aprobando a Acta do Tribunal de Selección, e se formalizará o correspondente contrato de traballo, laboral temporal a tempo parcial do 50% da xornada (20 horas semanais), cunha duración máxima de 6 MESES.

SEXTA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA .- DEREITO SUPLETORIO.

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral, así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

OITAVA.- NORMA FINAL.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na lexislación vixente.”





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO I. CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS.

Puntuación total Concurso : máximo 10 puntos.

-A) Entrevista persoal, (puntuación máxima: 6,00 puntos) na que se valorarán as aptitudes e actitudes necesarias para posto de traballo a desenrolar e para as funcións inherentes ao mesmo. As persoas aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestións básicas e prácticas relacionadas co posto a desenvolver, e co coñecemento do municipio de Carballo e dos seus recursos turísticos, a xeografía, a historia, a economía, e a paisaxe.

-B) Formación, (puntuación máxima : 4,00 puntos) .-

-CELGA 5, ou equivalente: **1 punto.**

-Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas a desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades:

- De 10 a 50 horas: 0,50 por cada curso.
- De 51 a 100 horas: 1 punto por cada curso.
- De máis de 100 horas: 1,5 puntos por cada curso.

-Outros cursos: 0,25 cada curso, ata un máximo de 1 punto.

Os méritos do apartado B), acredítanse con copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballedo.es info@concellocarballedo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.-

D./D^a....., con DNI
e domicilio a efectos de notificacións en:

CP Localidade
Teléfono / móbil: /
E-mail

EXPOÑO:

I.- Que teño coñecemento da convocatoria e bases para a selección de UN/UNHA INFORMADOR/A ou PROMOTOR/A TURÍSTICO/A, para o SERVIZO DE PROMOCIÓN DO TURISMO (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2023) como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Carballedo.

II.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Copia compulsada do D.N.I.**
- Copia compulsada do carné de conducir clase B.**
- Copia da Tarxeta de demanda de emprego, ou de mellora de emprego, no seu caso.**
- Copia compulsada da titulación mínima necesaria (bacharelato, ou equivalente ou superior).**
- Copia compulsada do Celga 4, ou iniciación e perfeccionamento de lingua galega, ou equivalente.**
- Declaración xurada** de non padecer enfermidade ou doenza física ou psíquica que impida exercer as funcións propias do posto a desenvolver, e de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Copia da resolución de minusvalía ou concesión de RISGA, no seu caso.**
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.**

-
-
-
-
-
-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue).

AO TRIBUNAL DE SELECCIÓN. Posto: Informador/a ou Promotor/a Turístico/a, para o Servizo de Promoción do Turismo do Concello de Carballedo (Programa de REFORZO DO EMPREGO 2023)





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballo.es info@concellocarballo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO III. - DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D./D^a. con D.N.I. ,
declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade que na actualidade teño a **capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais** na ocupación de INFORMADOR/A ou PROMOTOR/A TURÍSTICO/A, PARA O SERVIZO DE PROMOCIÓN DO TURISMO DO CONCELLO DE CARBALLO, e tamén declaro non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Declaro baixo a miña responsabilidade que **na actualidade estou anotado nos servizos públicos de emprego, e teño vixente a Tarxeta de demanda de emprego, figurando como desempleado ou en situación de mellora de emprego.**

Tamén manifesto que **non teño expediente disciplinario**, nin fun despedido por causas disciplinarias por unha Administración Pública, e tamén que non incorro en incompatibilidade, nin teño sido separado ou inhabilitado de empregos ou cargos en ningunha Administración Pública.

En Carballo, a.....de.....de 2023.

Sinatura,





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: adi@concellocarballo.es info@concellocarballo.es

REFORZO DO EMPREGO, 2023 - "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo"

ANEXO IV. - TEMARIO PARA A FASE DE OPOSICIÓN.

- Tema 1.- A Constitución española de 1978.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 3.- Organización territorial do Estado e as competencias municipais.
- Tema 4.- O procedemento administrativo na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Tema 5.- A Organización municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 6.- O municipio de Carballo. Termo municipal. Recursos turísticos, a xeografía, a historia, a economía, e a paisaxe.
- Tema 7.- Poboación do municipio de Carballo. Estrutura poboacional.
- Tema 8.- Datos de interese do Municipio de Carballo.
- Tema 9.- Distribución xeográfica e parroquial do municipio de Carballo.
- Tema 10.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas na ocupación de promotor/a ou informador/a turístico/a.
- Tema 11.- Traballo en Servizo de Promoción Turística: cuestións básicas e prácticas do posto a desempeñar.
- Tema 12.- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia."

